

A primeira dÃ©cada do sÃ©culo XXI

Description

O prÃ³ximo 25 de decembro cÃºmprese o decimo aniversario da disoluciÃ³n da URSS. O sÃ©culo XX, o sÃ©culo curto de Hobsbawn, que comezara coa esperanza proletaria da revoluciÃ³n de outubro remataba coa desfeita do estado nacido da mesma. Levamos xa dez anos do novo sÃ©culo histÃ³rico. ¿Estamos en tempos de transiciÃ³n cara unha nova realidade xeopolÃtica, econÃ³mica e cultural ou este Ã© o deseÃ±o definitivo da nova fase histÃ³rica? ¿O rÃ©xime postsoviÃ©tico estÃ¡ asentado en Rusia? ¿Ante a bipolaridade desaparecida non hai outra alternativa que un mundo unipolar? Os interrogantes son moitos.

Hai agora dez anos Boris Ieltsin, naquel momento presidente da FederaciÃ³n Rusa, declaraba ilegal ao PCUS; aos poucos dÃas M. Gorbachov dimitÃa como presidente, e a URSS, sen perder o seu caracterÃstico estilo burocrÃtico, desaparecÃa. Uns meses antes estouraran dous conflitos bÃlicos que marcaron a dÃcada, a Guerra de Croacia, logo tristemente estendida por todo o BalcÃn, e a Guerra do Golfo que engadÃa un novo elemento de tensiÃ³n nunha Ãrea cada vez mÃis conflictiva. A fin da bipolaridade provocaba novas tensiÃ³ns bÃlicas ao tempo que os EEUU apresurÃbanse a asegurar o control sobre a zona de subministro enerxÃtico do planeta.

Ao tempo, a nova orde abrÃa as portas a dous procesos de paz enquistados durante dÃcadas: Irlanda e Palestina. No primeiro caso, o camiÃo, iniciado moito antes que as conversas Major-Reynolds o fixeran pÃblico, segue, non sen tensiÃ³ns, na direcciÃ³n da paz. No segundo, dez anos despois do Cumio de Madrid, podemos afirmar que Ã© cousa do pasado. No presente sÃ³ quedan novas matanzas e outra mecha ardendo na permanente polvoreira do Oriente Medio.

Daquela do Departamento do Estado ou das Universidades dos EEUU saÃan diversas teorÃas interpretativas da nova realidade. Unhas falaban da fin da historia, destas xa case ninguÃn se lembra; outras do choque de civilizaciÃ³ns, que por desgracia os acontecementos do 11 de setembro volveron a poÃer sobre a mesa.

As interpretaciÃ³ns teÃrica poucas incertezas resollen. Os interrogantes seguen a ser moitos, algÃns mesmo idÃnticos aos que nos poderÃamos presentar hai dez anos. ¿No BalcÃn e en Rusia, sÃ³ quedan as brasas? ¿As lapas do Oriente Medio estÃn controladas, ou ameazan con estenderse por toda a Ãrea, mesmo ata as reservas enerxÃticas das repÃblicas exsoviÃticas? ¿Definitivamente non hai mÃis posibilidade que o mundo unipolar dirixido polos EEUU? ¿QuÃ capacidade ten a economÃa estadounidense de manter a xendarmerÃ mundial? ¿O capitalismo global Ã incontestable? ¿EstÃ disposta a Europa unida a ser algo mÃis que un mercado sen fronteiras? ¿Ten algunha posibilidade a China de consolidarse como potencia autÃnoma? ¿AdmitirÃ Rusia, e por canto tempo, un papel secundario na escena internacional? Ou, a fin de contas, ¿Todo isto non serÃ mÃis que un novo Congreso de Viena e a temporal restauraciÃ³n do absolutismo que precede a unha nova fase de maior liberdade e xustiza social?

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 4, 2001

Meta Fields

Autoria : 10663

Datapublicacion : 2001-12-04 00:00:00